



VALDOVIÑO. Punta Torrella

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 3 km (circular)
Dificultade: baixa



A fachada da Costa Ártabra no concello de Valdoviño, é unha sucesión de entrantes e saíntes creados pola resistencia, ou o desgaste, dos diferentes materiais ao seren atacados polo mar. Separando as praias de Pantín e Baleo atópase o promontorio que remata na punta Torrella, un fermoso lugar para unha camiñada (uns 3 km, camiño e percorrido polos cantís) na que impresiona a altura dos cantís e a súa verticalidade, e resulta curioso comprobar os efectos da erosión nos diferentes tipos de rochas que a forman. Este espazo está incluído no LIC/ZEC "Costa Ártabra" e acolle importantes valores biolóxicos (flora e fauna) e xeolóxicos (cantís, illas, fallas, pregues, rochas, minerais, erosión mariña...).

PERCORRIDO

A medio camiño entre Pantín e Baleo, antes de comezar a baixada á praia de Baleo, á esquerda, ou ao rematar a costa pola que se sube de Baleo, á dereita, hai unha pista que nos leva dereitos ao camiño de acceso que se atopa xusto de fronte na curva á esquerda da pista.

O acceso é doado por un camiño de 1 km de lonxitude que nos conduce á beira do cantil, ao pé do punto máis espectacular, por forma e altitude, logo para achegarse a outros lugares hai que facelo por carreiros, as máis das veces estreitos e pouco transitados, entre breixos e toxos de pouca altura. Pouco aconsellable con vento porque non teñen ningún tipo de protección e as alturas son considerables, máis de 50 m. Ademais das vistas dos cantís tamén temos panorámicas da contorna, mellores de Pantín: da enseada, as praias, o sistema dunar, o humidal interior que desauga polo rego de Riomaior, e os montes que pechan o conxunto. A praia de Baleo case non se ve porque a orientación e a falta de carreiros entre a vexetación, que ademais está máis alta, non o permiten.





Punta da Gabeira



Punta Torrella: O Furado Vello.
Nesta zona pódense ver rochas moi antigas (anfíbolitas) e lousas verdes separadas por unha falla.



Punta Torrella desde a Punta Ouzal

